

Moreas de Calabardina.

Cala Bardina está situada a poñente do cabezo de Cope, preto da cidade de Águilas.

Baixo o espacio que ocupaba a almadraba xa desaparecida, abundan as comunidades ícticas típicas das augas litorais do Mediterráneo, formadas de sabogas, mucharras, e máis abaixo, xa no fondo, as moreas.

Un aspecto característico do mundo submarino de Cala Bardina é a abundancia destes peixes, as moreas, de corpo como o dunha serpe, chamativa coloración e nadar ondulante, que agás nos seus desprazamentos, buscan refuxio en gretas, ocos e covas submarinas.

Nas últimas décadas, e coa fin de protexer os fondos da pesca ilegal de arrastre, afundíronse vellos pesqueiros como alternativa ao despezo en terra, coa fin de que actuaran como elementos disuasorios, como arrecifes artificiais, e que proporcionaran, ao mesmo tempo, refuxio e cobertura espacial a diferentes especies.

Algúns destes barcos, entre eles o *Ana María* e *El Sable*, descansan nestas augas. Os restos deses naufraxios controlados convertíronse no hábitat ideal das moreas de Cala Bardina, e podemos ver individuos illados, parellas ou grupos, que nadan e semellan danzar, entreo o que queda do madeirame das vellas embarcacións.

Os barcos afundíronse en fondos limpos, areosos ou detríticos, e atraeron non só ás moreas que protagonizan unha cativa vida social cos seus conxéneres, senón tamén a outros habitantes do mar como os grandes meros ou os falsos abadexos.

De preto, vese que a boca das moreas está armada de pequenos e afiados dentes, e tamén se aprecia a rugosidade da súa pel.

Tamén é frecuente ver as labouras de limpeza que realizan os coloridos e pequenos camaróns, perante a impasibilidade do seu anfitrión.

Esta desparasitación non a realizan exclusivamente os camaróns, tamén os cangrexos ermitáns contribúen a esta tarefa, e, dese xeito, benefíciáanse dos restos de comida e dos parásitos que as moreas aportan.

Non deixa de producir sorpresa esta actitude peciente da morea, un furibundo e agresivo depredador fronte a outras especies. A diferenza é que as presas son o seu alimento, namentres estes pequenos crustáceos establecen unha relación na que non hai prexuízo para nengunha das dúas especies.

Pero para calquera outro animal non é moi aconsellable pasar preto dos afiados dentes dunha morea, a pesares do eterno sorriso co que semellan convidar a visitar as gretas onde se refuxian estes peculiares peixes.